

POLÍTICA DE CONTINUIDADE DE NEGOCIO DO GRUPO EUSKALTEL

A Política de Continuidade de Negocio constitúe o marco de referencia orientado a facilitar a definición, xestión, administración e implantación dos mecanismos e procedementos de xestión de riscos necesarios para alcanzar o nivel de continuidade axeitado á criticidade dos activos físicos e de información da compañía.

O Grupo Euskaltel establece os seguintes principios e criterios de Continuidade de Negocio:

- Asumir como pedra angular da súa política o cumprimento do marco regulatorio e legal vixente que se lle aplica.
- Proporcionar os servizos aos seus clientes dentro dos parámetros de calidade previamente acordados, garantindo, pola súa vez, a volta á normalidade de todas as actividades, causando a menor repercusión posible nos grupos de interese.
- Velar pola reputación e imaxe de todas as marcas do Grupo.
- Formar e concienciar os seus empregados e provedores en materia de xestión do risco e continuidade como base para o efectivo cumprimento das normas e procedementos, xa que a xestión do risco é unha actividade que compete a todos, que deben desenvolver as súas actividades procurando unha axeitada protección dos activos da compañía; coñecendo, asumindo e aplicando as normas e procedementos de continuidade definidos.
- Manter a operatividade dos edificios, a dispoñibilidade da información e dos sistemas que a recollen, procesan, almacenan e transmiten, así como da rede, é primordial para garantir a continuidade do negocio, para o que os plans, normas, procedementos e mecanismos de xestión do risco deberán asegurar a prevención, a xestión de crise e a recuperación ante desastres.
- Considerar a continuidade como parte da operativa habitual, estando presente e aplicándose en todos os seus procesos, para minimizar os impactos, as interrupcións e calquera ineficiencia que afecte a prestación dos servizos establecidos polo Grupo Euskaltel fronte aos seus clientes.
- Analizar periodicamente o cumprimento da presente política e as formas de traballo que a desenvolvan, buscando a mellora continua e a minimización dos riscos corporativos en cada momento.

Esta política é de aplicación a todas as nosas actividades, produtos e servizos, en todos os nosos lugares de traballo; comunícase a toda a organización e ponse a disposición de nosas partes interesadas: clientes, accionistas, provedores e sociedade en xeral, sendo revisada periodicamente, asegurando así que é apropiada para o Grupo Euskaltel en cada momento.



D. José Miguel García Fernández
Conselleiro Delegado